



Compostela
Cultura

Emocións naturais

Natureza, vida e amor

**REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA**

25 Aniversario

TEMPORADA DE ABONO

2020 → 2021

XOVES 14
XANEIRO 2021

Auditorio de Galicia, 20.30 h

O PARAÍSO PERDIDO

Paul Daniel, director

Carlos Méndez, contrabaixo solista da RFG

PROGRAMA

Missy Mazzoli (1980)

Dark, with excessive bright **

Carlos Méndez, contrabaixo solista da RFG

Sofía Oriana Infante (1989)

Gratulantes * (obra encargo RFG)

Antonín Dvorák (1841-1904)

Sinfonía núm. 8 en Sol M, op. 88

Allegro con brio

Adagio

Allegretto grazioso

Allegro ma non troppo

* Estrea absoluta

** Estrea en España

Duración aproximada do concerto: 1 hora (sen pausa). Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxo, etc.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

25 Aniversario

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora invitada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)

Adriana Winkler
(axuda de concertino)

Anca Smeu **

Yulia Petrushevskaya

Anna Alexandrova

Michal Ryczel

Victoria Jurov

Ilya Fisher

Claudio Guridi

Ildikó Oltaí

Clara Pedregosa ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *

Nikolay Velikov **

Irina Gruia

Elina Viksne

Enrique Roca

Samira Ajkic

Kiyoko Ohashi

Helena Sengelow

Gyula Vadaszi

Christian Casanova ***

Manuel J. Muñoz ***

VIOLAS

Tilmann Kircher *

Natalia Madison **

Anne Schlossmacher

Timur Sadykov

Ionela Ciobotaru

Oxana Bakulina

Vicent Máñez ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *

Barbara Switalska **

Millán Abeledo

Thomas Piel

Carlos García

Carmen Ramírez ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *

Alfonso Morán **

Anxo Leitaó (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *

Luis Soto **

ÓBOES

Christina Dominik *

Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *

Vicente López **

Bernardino Assunção ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *

Manuel Veiga **

Daniel Solís ***

TROMPAS

Jordi Ortega *

Alfredo Varela *

Xavier Ramón **

Miguel Linares ***

TROMPETAS

Javier Simó *

Ramón Llåtser **

TROMBÓNS

Iago Ríos (R)

David M. Rodríguez (R)

Marcos Dorado (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

* principal | ** coprincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

PAUL DANIEL

DIRECTOR

É o director titular e artístico da RFG dende 2013 e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Entre 2009 e 2013 foi o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e foi director musical da English National Opera e da Ópera de North, ademais de principal director da Opera Factory. Foi director invitado das máis destacadas orquestras e compañías de ópera por todo o mundo. Dirixiu no Royal Opera House Convent Garden, en La Monnaie en Bruxelas, na Ópera Estatal de Baviera en Múnic ou no Metropolitan Opera de Nova York.

Recentes e futuros compromisos operísticos inclúen *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* coa English National Opera, *Gloriana* no Covent Garden, *Lulú* en La Monnaie, un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* coa Ópera Nacional de París; *Os troianos* coa Ópera de Berlín; ou *A Village Romeo and Juliet* coa Ópera de Frankfurt. Ademais dos seus concertos

coa West Australian Symphony Orchestra e a Real Filharmonía de Galicia, dirixirá a Filharmónica da BBC, Orquestra Nacional de Burdeos, Royal Philharmonic, Sinfónica de Hamburgo, Orquestra da Radio de Múnic, Tapiola Sinfonietta, Australian National Academy of Music, National Youth Orchestra e participará no Festival de Bregenz (Austria).

Entre as súas numerosas gravacións destaca o éxito alcanzado polo CD coa *Sinfonía núm. 3* de Elgar e o DVD da gravación de *Lulú* en La Monnaie coa soprano Barbara Hannigan. Coa Orquestra Nacional de Burdeos gravou obras de Wagner, Mahler e Chaikovski. En 1998 recibiu un Premio Olivier pola súa dedicación á ópera e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

CARLOS MÉNDEZ

CONTRABAIXO

Natural de Rentería, San Sebastián (1967), realiza estudos de frauta traveseira, obtendo o Primeiro Premio de Honra no Conservatorio Superior de Música de San Sebastián. Sentíndose atraído por sonoridades moito máis graves, substitúe a frauta polo contrabaixo e recibe os consellos de destacados contrabaixistas como Jean Marc Rollez, Yasunori Kawahara, Thomas Martin, Milan Sagat, Ferrán Sala, Antonio G. Araque ou Ludwig Streicher. Tras obter o Título Superior neste instrumento, decide aprofundar na escola técnica e interpretativa de Ludwig Streicher e trasládase a Madrid para traballar con el, durante tres anos, na Escuela Superior de Música Reina Sofía.

No campo da docencia imparte cursos e clases maxistras por toda a península, prepara esporadicamente as filas de contrabaixos en varias xoves orquestras (Joven Orquesta Nacional de España, Joven Orquesta Nacional de Cataluña, Orquesta de las Escuelas Municipales de Cataluña, Orquesta Joven de Extremadura). Foi profesor asociado no Conservatorio Superior de Música de les Illes Balears

e é profesor-titor na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, onde ademais deseñou e organizou nove edicións do Festival de contrabaixo “Ludwig Streicher”. Pertence ao Corpo Nacional de Profesores de Música e Artes Escénicas.

A nivel concertístico e coa fonda inxerencia de subir ao escenario todo tipo de repertorio, ofrece recitais de contrabaixo solo e con piano. Participa en grupos camerísticos de diversa índole, abrangendo unha gran variedade estilística e colaborando en innumerables estreas. En diversas ocasións foi impulsor e dedicatario de música contemporánea concibida para o seu instrumento, como a *Partita para contrabajo* solo de José Luís Turina ou as *Variaciones sobre un tema de Paganini para contrabajo solo, op. 79* de Juan Durán. É integrante de Vertixe Sonora Ensemble, colectivo onde teñen cabida todas as expresións creativas actuais e que dá a coñecer as estéticas máis avanzadas, os compositores máis relevantes e as perspectivas de desenvolvemento máis interesantes da nova música.

Baixo o formato de conferencia-concerto e xunto ao musicólogo Crisanto Gándara, traballou e interpretou numerosos manuscritos de compositores cataláns dacabalo entre o século XIX e XX, como J. Cervera, A. Torelló, P. Valls ou do biscaíño V. M^{ra}. de Zubiaurre, divulgando desta maneira o repertorio español para contrabaixo solista e os seus artífices mais relevantes.

É membro fundador da Real Filharmonía de Galicia (1996), onde exerce como contrabaixo principal e coa que interpretou como solista o *Divertimento Concertante* de Nino Rota, o *Gran Dúo Concertante* de G. Bottesini e agora o *Concerto para contrabaixo e cordas* de Missy Mazzoli.

Missy Mazzoli (1980)

Segundo o NY Times Missy Mazzoli é “unha das compositoras máis consistentemente inventivas e sorprendentes que traballan actualmente en Nova York”, “A Mozart post-milenario de Brooklyn” (Time Out NY), e loada por Alex Ross, en The New Yorker, pola súa “imaxinación apocalíptica”. Missy Mazzoli fixo que a súa música sexa interpretada polo Kronos Quartet, Eighth Blackbird, Sinfónica da BBC, Orquestra de Minnesota e na Ópera de Los Ángeles e a Ópera Escocesa entre outros moitos. En 2018 converteuse, xunto con Jeanine Tesori, nunha das primeiras mulleres en recibir un encargo para a Metropolitan Opera, e foi nominada para un premio Grammy na categoría de Mellor Composición Clásica. Actualmente é compositora residente na Sinfónica de Chicago, e de 2012 a 2015 foino na Ópera de Filadelfia. A súa ópera *Proving Up*, do seu libretista habitual Royce Vavrek e baseada nun conto curto de Karen Russell, é unha glosa surrealista sobre o soño americano, encargada e estreada pola Ópera de Washington, a Opera Omaha e o Miller Theatre, e foi considerada “...unha verdadeira ópera do noso tempo” polo Washington

Post. A súa ópera de *Breaking the Waves*, encargada pola Ópera de Filadelfia e Beth Morrison Projects, foi nomeada “unha das mellores óperas americanas do século XXI ata agora” por Opera News, cuxa estrea europea foi no Festival de Edimburgo de 2019. *The Listeners* será estreada en 2021 na Norwegian National Opera e na Ópera de Filadelfia. En 2016, Missy e a compositora Ellen Reid fundaron Luna Lab, un programa de titoría para novas compositoras creado en asociación co Centro de Música Kaufman. A propia Missy Mazzoli escribe “Mentres compoñía *Dark with Excessive Bright* para o contrabaixista Maxime Bibeau e a Orquestra de Cámara Australiana, escoitaba continuamente música das épocas barroca e renacentista. Inspireime en gran medida no contrabaixo de Maxime, un enorme instrumento construído en 1580 que estivo almacenado nun mosteiro italiano durante centos de anos e incluso remendado con páxinas da liturxia do Venres Santo. Imaxinei este instrumento como un historiador, un obxecto que recollía a música do paso dos séculos nos xiros do seu colo e as fibras da súa madeira, finalmente emerxendo á luz aos 400 anos e cantándoo todo ao mundo. Aínda que

vagamente baseada en modismos barrocos, esta peza deslízase entre as técnicas de corda de varios séculos, todo mentres retorce un patrón de acordes repetidos máis aló do recoñecemento. “Escuro con excesivo brillo”, unha frase de ‘O paraíso perdido’ de Milton, é unha descrición surrealista e evocadora de Deus, escrita por un cego. Encántame a imposibilidade desta frase, e creo que é unha forma estrañamente precisa de describir o escuro pero desgarrador son do propio contrabaixo. *Dark with Excessive Bright* foi unha encomenda da Orquestra de Cámara Australiana e a Orquestra Aurora de Londres. En 2019 arranxei a obra para violín solista e orquestra de cordas”.

Sofía Infante (1989)

Aínda que nada en Santiago de Compostela, realizou os seus estudos no Conservatorio Superior de Oviedo, especializándose na composición xeral e audiovisual, cunha investigación final das principais tendencias estéticas nos novos compositores españois. Ao tempo completa o grao en maxisterio e cursa o Mestrado de educación, tamén na Universidade de Oviedo e outro en composición para filmes e TV na Universidade de Kingston de Londres, con distinción no seu proxecto final sobre o New York Times'14 actors acting'. Completou a súa formación grazas a compositores como E. Zamprónha, J. Carrillo, F. Blanco, M. Fernández e F. Agüeria, e puido aprender de referentes como K. Penderecki e N. Muhly. Na súa produción hai pezas do mundo audiovisual e do académico-contemporáneo cun estilo complexo e diverso, mais a composición multidisciplinar e o interese pola representación dunha realidade transmoderna son as liñas definitorias principais. Nos seus comezos, asiste ás gravacións de bandas sonoras do compositor, nominado aos Goya, Sergio Moure

nas películas *Todo es silencio* de José Luis Cuerda, e *Time Rojak*, de Isaac Kerlow, onde tamén é asistente de orquestración de Alejandro Román. Participou como docente en dúas ocasións no Leonardo da Vinci Project 'European Art Confluence' e estreou o lied *O cazador de libros* (José Manuel Yañez Carballeira e Maite Bárbara), poema homónimo de Ramiro Fonte, en Ferrol; *Telestai* para Tempo Catro (Javier Cedrón, Suso Iglesias, Antonio Romero Cienfuegos e Andrés Pazos) no Teatro do Andamio na Coruña e *Se la están cepillando todos los días* para frauta, violín, guitarra eléctrica, fagot e electrónica en Oviedo. En Londres, recibe o encargo da Kingston 3A Orchestra para a composición de *Panta Rhei*, estreada en Kingston Upon Thames en 2015 dirixida por David Ward. No Festival Internacional Bergerault recibe clases de Alberto Bernal, Michael Maierhof e Yiran Zhao. Ademais, o contacto con percusionistas como L. Carro, C. Peris, L. Tabuenca, P. Spiesser e M. Takehara manteñen o seu interese pola composición contemporánea real e virtual con obras como *Relative Time* e *Backwards Tape* orientadas nun estilo máis persoal. Puxo banda sonora a curtas como *Asco*, *Foto de Familia* e *La Pelota* de F. G. Pliego,

Backwoods de L. Bellamy e *Operation: Freedom* de K. Ghee e a súa estrea para longametraxe foi *Elisa y Marcela* de Isabel Coixet producida por Netflix, estreada no Festival de Berlín. *Gratulantes* é a segunda obra que Sofía compón por encomenda da Real Filharmonía de Galicia e ela mesma indica que “o título deriva dunha composición polifónica do Códice Calixtino, ‘Gratulantes celebremus festum’, como inspiración para a celebración do ano Xacobeo. A través de procedementos compositivos de derivación temática e interválica, desenvólvese o material ao longo dunha estrutura reiterante, similar a un rondó, nun único movemento. Os *ostinatos* das cordas actúan como unha forza enerxética que sustenta un *perpetuum mobile* na obra. Estes momentos de texturas densas, agres e machucantes contrastan con seccións máis brillantes instrumentadas nos ventos, de carácter ledó e festivo en concordancia conceptual. O ouvinte poderá percibir influencias compositivas moi distintas, fiadas de forma coherente, a través dun estilo persoal que segue a liña do anterior encargo da Filharmonía, *In memoriam*.

Antonín Dvořák (1841-1904)

A *Abertura Carnaval* -unha partitura de concerto para orquestra que forma parte da triloxía orquestral *Natureza, Vida e Amor*, que dá título a esta tempada e coa que se pechará o ciclo de abono- e a Oitava sinfonía están moi preto. Simrock, o editor de Dvořák, cara a 1888-89 equivocouse e non pagou como debía ao compositor pola *Sinfonía en sol* (será a Oitava aínda que en vida de Dvořák debía de ser a *Cuarta*), cometeu ese erro cando o compositor estaba en plena madurez, coñecido e respectado por todos, con recoñecemento como o ‘Honoris causa’ pola Universidade de Praga ou a homenaxe da Universidade de Cambridge, ocasión para a que o checo reserva a Oitava *sinfonía*. É o momento da súa viaxe a Estados Unidos para que un autor, xa internacional, como el, contribúa a que luzan os festexos do cuarto centenario do Descubrimento. Os tres poemas sinfónicos ou aberturas de 1892 -opus 91 a 93: *Natureza, Carnaval e Oteló*- son unha sorte de despedida pois Dvořák temía facer esa viaxe, aínda que presentía a transcendencia desta para el e a súa patria, integrada entón no fráxil Imperio austrohúngaro. Nos meses

estivais de 1989, en Vysoká lonxe das presións profesionais da cidade e nun contexto máis auténtico, Dvořák escribiu a *Sinfonía núm. 8 en Sol maior*, composición que marcou un xiro na súa produción sinfónica pois esquece o clasicismo vienés da Sexta e Sétima, procurando nesta unha maior experimentación formal, sobre todo, no primeiro e último movemento. Como resultado, dunha emotiva sinfonía inspirada na música tradicional bohemia que o compositor tanto amaba e que reflicte o seu compromiso nacionalista. O *Allegro con brio* comeza cunha enérxica e brillante exposición, unha melodía sombría e conmovedora entre as modalidades menor e maior, de clarinetes, trompas e violoncellos e a frauta. Chega entón o tema principal, unha pasaxe de sinxeleza folclórica. As cordas abren o *Adagio* cun triste motivo e as madeiras aparecen en breves intervencións solistas e dialogan, ás veces con aparente indecisión, con corda e trompas. A pesar da maxestosa melodía do violín só, retrato dunha vida rural satisfactoria, a música vólvese, por momentos, solemne e punzante ás veces creando un clímax reservado pero gozoso. O movemento remata nun fermoso pianissimo. O terceiro

movemento é un folclórico valse con motivos pegadizos no que frauta e óboe, no inicio do trío, interpretan unha bela melodía cun acompañamento de cordas e timbais, tomada da súa ópera *Os amantes obstinados*. O grave tema inicial do *Allegro, ma non troppo* coa fanfarra de trompetas contrasta co ton festivo posterior, cuxa natureza animada e popular parece contrarialo; novamente, o tema inicial aparece como se fose unha inspirada balada. Unha rutilante e cromática coda conclúe a *Sinfonía* coa destacada participación dos metais e a percusión.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 28 de xaneiro, 20.30 h

O IDILIO DE SIGFRIDO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Felix Mildenberger, director

E. Grieg, *Suite Holberg*, op. 40

R. Wagner, *Idilio de Sigfrido*, WWV 103

C. Gounod, Sinfonía núm. 1 en Re maior

Xoves 11 de febreiro, 20.30 h

ARREDOR DO PIANO

Ciclo de piano Ángel Brage

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Lars Vogt, director e piano

R. Schumann (orq. C. Debussy / R. Hollo-
lloway), *Seis estudos canónicos*, op. 56*

L. v. Beethoven, *Concerto para piano núm.
5 en mi b menor*, op. 73 "Emperador"

* Estrea deste arranxo en España



AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura

